

FAMILIA PROFESIONAL SERVIZOS SOCIOCULTURAIS E Á COMUNIDADE



Ciclo:

- CS EDUCACIÓN INFANTIL

INDICE

Introdución	5
Sistema de acreditación por competencias	7
Que te vas atopar nesta guía	7
Mapa do proceso de acreditacións das competencias.....	9
Mapa do proceso.....	11
Requisitos de participación no procedemento	15
Xustificación do historial profesional ou formativo.....	16
Fases do procedemento	17
O asesoramento.....	19
A avaliación	20
Acreditación e rexistro	21
Efectos da acreditación.....	22
Vantaxes das acreditacións.....	22
Requisitos de acceso aos certificados de profesionalidade a través de niveis formativos ...	23
Acceso aos certificados de profesionalidade dende un certificado de nivel inferior	27
Acceso aos certificados a través da superación das probas de competencias clave	31
Ciclo Superior de Educación Infantil.....	35
Cualificacións incluídas no título CS Educación Infantil	39
Módulos profesionais do título CS Educación Infantil.....	39
Correspondencia das unidades de competencia cos módulos profesionais incluídas no título CS Educación Infantil.....	40
Resumo da correlación das unidades de competencia	41
Itinerario para a consecución do título.....	43
Glosario	45

INTRODUCCIÓN:

O Sistema de acreditación por competencias

Que te vas atopar nesta guía?

SISTEMA DE ACREDITACIÓN POR COMPETENCIAS

O obxecto da acreditación de competencias é o de **recoñecer, avaliar e acreditar** a **competencia** adquirida a través da **experiencia laboral** e outras **aprendizaxes non formais**.

A finalidade consiste en recoñecer e avaliar as competencias profesionais adquiridas polas persoas no desenvolvemento do seu traballo ou por outras vías non formais de formación, mediante procedementos que garantan a fiabilidade, a obxectividade e o rigor técnico da avaliación, así como acreditar as competencias profesionais adquiridas polas persoas traballadoras e contribuír así á capitalización dos seus saberes e ao fomento da súa aprendizaxe ao longo da vida.

As unidades de competencia constitúen o referente que lles proporciona a identidade profesional ás persoas aspirantes, e fai posíbel a transformación dos datos procedentes da súa actividade profesional e das aprendizaxes non formais en evidencias de competencia válidas para a avaliación do seu desempeño activo.

A acreditación de unidades de competencia farase sobre as unidades de competencia dos títulos de formación profesional vixentes.


QUE TE VAS ATOPAR NESTA GUÍA?

Acreditar as túas competencias profesionais nunha ocupación ou cualificación permitirán que accedas, manteñas e mellores o teu posto de traballo. A través desta guía poderás obter información clara sobre:

- Cal é o sistema para acreditar competencias profesionais a través da experiencia laboral e dos aprendizaxes non formais.
- Como é o procedemento e que tes que facer para que se che recoñezan as túas competencias profesionais.
- Como poderás conseguir un título de Formación Profesional ou Certificado de Profesionalidade a partir da acreditación das túas competencias profesionais.
- Que vantaxes ten acreditar as túas competencias profesionais no actual mercado de traballo.

**MAPA DO PROCESO DA ACREDITACIÓN DAS COMPETENCIAS
A TRAVÉS DA EXPERIENCIA LABORAL E DA FORMACIÓN NON
FORMAL**

MAPA DO PROCESO



REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN NO PROCEDEMENTO:

- Cidadanía española, ser residente comunitario ou ter autorización de residencia no Estado Español.
- Ter cumpridos 18 anos (nivel 1), 20 anos (nivel 2 e 3)
- Ter experiencia laboral e/ou formación non formal relacionada
- Experiencia laboral: mínimo 3 anos, mínimo 2.000 horas traballadas nos últimos 10 anos.
- Formación non formal: mínimo 300 horas nos últimos 10 anos anteriores a convocatoria.

XUSTIFICACIÓN DO HISTORIAL PROFESIONAL OU FORMATIVO:

- Traballadores/as asalariados/as:
 - Certificación do órgano onde se teña afiliación
 - Contrato de traballo ou certificación da empresa
- Traballadores/as autónomos:
 - Certificación do órgano onde se teña a alta no réxime especial
 - Descrición da actividade desenvolvida e o período de tempo
- Para voluntarios ou bolseiros:
 - Certificación da organización onde prestou a asistencia
- Xustificación da formación:
 - Certificado da entidade que impartiu a formación (deberán constar contido, horas, título e entidade que expide o certificado).

REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN NO PROCEDIMENTO

1. Para acceder a este procedemento, os candidatos e as candidatas deberán cumprir os requisitos seguintes:

a) Posuir a cidadanía española, dispor do certificado de rexistro de cidadanía comunitaria ou da tarxeta de familiar de cidadán da Unión Europea, ou ser titular dunha autorización de residencia ou de residencia e traballo no Estado Español en vigor, nos termos establecidos na normativa española de estranxeiría e inmigración.

b) Ter 20 anos cumpridos no momento de realizar a inscrición, para unidades de competencia correspondentes a cualificacións de nivel II e III, obxecto da convocatoria.

c) Ter experiencia laboral e/ou formación relacionada coas competencias profesionais que se queiran acreditar.

c.1) No caso de experiencia laboral, xustificar polo menos tres (3) anos, cun mínimo de 2.000 horas traballadas en total, nos últimos dez anos transcorridos antes de realizarse a convocatoria.

c.2) No caso de formación, xustificar polo menos 300 horas nos últimos dez anos transcorridos antes de realizarse a convocatoria. Nos casos en que os módulos formativos asociados á unidade de competencia que se pretenda acreditar prevexan unha duración inferior, deberanse acreditar as horas establecidas nestes módulos.

As persoas candidatas non poderán estar matriculadas nin cursando simultaneamente un curso de formación profesional inicial (ordinario ou modular), nin para o emprego conducente á acreditación das unidades de competencia en que soliciten a súa inscrición. Tampouco poderán ter completado un curso de formación profesional inicial nin de formación para o emprego polo cal teñan dereito á acreditación directa das mesmas unidades de competencia que se convoquen. Para todo isto, presentarán declaración xurada.

2. As persoas maiores de 25 anos que cumpran os requisitos de experiencia laboral ou formativa indicados na liña anterior e que non poidan xustificalos mediante os documentos sinalados, poderán solicitar a súa inscrición provisional no procedemento, sempre e cando presenten a xustificación mediante algunha proba admitida en dereito, da súa experiencia laboral ou das aprendizaxes non formais de formación. A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa nomeará unha comisión que se encargará de estudar estes casos, e emitirá un informe sobre a procedencia ou non da participación da persoa candidata no procedemento. Se o informe é positivo, procederase á inscrición definitiva.

XUSTIFICACIÓN DO HISTORIAL PROFESIONAL OU FORMATIVO

1. A xustificación da experiencia laboral farase cos seguintes documentos:

a) Para traballadores e traballadoras asalariados.

a.1) Certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, do Instituto Social da Mariña ou da mutualidade laboral en que se teña afiliación, onde conste a vida laboral, a empresa, a categoría laboral (grupo de cotización) e o período de contratación.

a.2) Contrato de traballo ou certificación da empresa en que se adquirira a experiencia laboral, onde se reflicta especificamente a duración dos períodos de prestación do contrato, a categoría laboral, a actividade desenvolvida e o período en que se realizará a devandita actividade.

b) Para traballadores e traballadoras autónomos ou por conta propia.

b.1) Certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou do Instituto Social da Mariña, dos períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial correspondente.

b.2) Descrición da actividade desenvolvida e o intervalo de tempo en que esta se realizou.

c) Para voluntarios ou bolseiros.

Certificación da organización onde se prestou a asistencia, onde consten especificamente as actividades e as funcións realizadas, o ano en que se realizaron e o número total de horas dedicadas a elas.

2. Xustificación da formación:

Para as competencias profesionais adquiridas a través de vías non formais de formación, a xustificación realizarase mediante documento que acredite que a persoa candidata posúe formación relacionada coas unidades de competencia que se pretenda acreditar.

En cada certificado achegado deberán constar os contidos e as horas de formación, a entidade que expide o certificado e o título da actividade de formación.

No caso de ter realizados estudos parciais para a obtención dun título oficial ou certificado de profesionalidade pertencente a plans de formación extinguidos, débese presentar o correspondente certificado expedido polo centro oficial responsábel.

3. Deberase achegar necesariamente a tradución oficial de todos os documentos que non estean redactados nas linguas galega ou castelá.

FASES DO PROCEDEMENTO

FASES DE ASESORAMENTO:

- A partir do día seguinte da publicación das listaxes de admitidos ata máximo 3 meses despois.
- Obrigatorio e presencial
- Mínimo 2 sesións
- Expedición de informe asesoramento, orientativo e non vinculante. A última decisión é da persoa candidata.

FASE DE AVALIACIÓN:

- Ten por obxecto comprobar se o/a candidato/a demostra a competencia profesional requirida nas realizacións profesionais, nos niveis establecidos nos criterios de realización.
- Tense en conta as evidencias indirectas e as evidencias directas presentadas.
- Expedición do informe de avaliación

FASE DE ACREDITACIÓN DA COMPETENCIA PROFESIONAL:

- Rexistro oficial que garante a protección de datos de carácter persoal.

REXISTRO, EFECTOS E VANTAXES DAS ACREDITACIÓN

FASES DO PROCEDEMENTO

Unha vez que a/o candidata/o estea inscrito/a, iníciase propiamente o procedemento, que se desenvolve nas tres fases que se indican a continuación:

1. **Asesoramento:** Nesta fase a/o candidata/o terá un asesor/a que lle acompañará e aconsellará para que teña máis posibilidades de superar a fase de avaliación.
2. **Proceso de avaliación:** Nesta fase a/o candidata/o poderá demostrar as competencias profesionais para as que solicitase a acreditación. Empregaranse os métodos de avaliación máis apropiados ás súas características como candidato/a.
3. **Acreditación da competencia profesional:** Nesta fase entregaráselle a/o candidata/o unha acreditación de cada unha das unidades de competencia unha vez que supere o proceso de avaliación.

Os profesionais que interveñen son asesores/as e avaliadores/as. En ambos os dous casos, son profesionais expertos nas unidades de competencia obxecto de acreditación e con formación no procedemento.

O ASESORAMENTO

Esta fase é fundamental no procedemento, polo que todas as/as candidatas/os deben pasar por ela. O/a profesional que vai estar á súa disposición durante esta fase é o/a asesor/a, que axudará a identificar as competencias profesionais cuxo recoñecemento solicitasen, e que puideron adquirir a través da súa experiencia laboral ou mediante a formación anteriormente recibida.

As administracións competentes comunicaranlle as/os candidatas/os as datas en que se desenvolverá a fase de asesoramento. O proceso poderase realizar de forma presencial, caso en que se lles informará das sedes nas que terá lugar, que poderán ser centros públicos ou privados de formación profesional. Se o asesoramento é telemático, serán informados axeitadamente sobre as características deste.

Durante o proceso de asesoramento as/os candidatas/os contarán sempre coa asistencia do/a asesor/a, que estará en contacto con elas/es, informándolles con detalle e resolvendo as dúbidas que poidan xurdir sobre o procedemento que iniciaron, as súas fases e os efectos que pode ter no seu desenvolvemento profesional. Ademais, axudaran as/os candidatas/as en:

- Como cubrir o cuestionario de autoavaliación.
- Recompilar os documentos que xustifiquen a experiencia laboral relacionada coa unidade de competencia na que se inscriban e que complementen os que entregan no momento da inscrición.

- Como completar o seu historial profesional e formativo.
- Identificar e clarificar outros aspectos da súa profesionalidade.
- Organizar toda a información profesional ou probas que achegan nun informe de competencias.

Ao final desta fase o/a asesor/a elaborará un informe para a comisión de avaliación, facendo constar:

- As competencias profesionais que considere suficientemente xustificadas en relación coa unidade de competencia na que se inscribiu a/o candidata/o.
- A conveniencia de que a/o candidata/o acceda á fase de avaliación.

De acordo co contido do informe, o/a asesor/a aconsellara a/o candidata/o sobre o seu pase á seguinte fase de avaliación e comunicarlle:

- En que unidades de competencia poderá avaliar con probabilidade razoábeis de éxito, porque presentou evidencias de competencia abondo.
- En caso negativo, suxerirlle a formación complementaria que debera realizar e os centros onde podería recibila.

A partir da información do/a asesor/a a/o candidata/o, se lle interesa e lle convén, poderá decidir:

- Pasar á fase de avaliación. Aínda que o informe do/a asesor/a sexa negativo, pode decidir voluntariamente pasar a esta fase.
- Realizar a formación complementaria suxerida polo/a asesor/a.

A AVALIACIÓN

O obxectivo da fase de avaliación é que a/o candidata/o demostre a súa competencia profesional relacionada con aquelas unidades de competencia para as que solicitou o recoñecemento. En calquera caso, hai que ter en conta que a decisión final acerca do recoñecemento das competencias a tomará de forma colexiada a comisión de avaliación.

O primeiro que fai a comisión de avaliación é estudar o informe do/a asesor/a, a información profesional e/ou as probas que achegaron as/os candidatas/os, para contrastalas e decidir:

- Que competencias profesionais quedan suficientemente xustificadas.
- Se a/o candidata/o necesita achegar información ou documentación complementaria.

- De que competencias profesionais, se é o caso, cómpre obter novas evidencias de competencia por non estar suficientemente demostradas.
- Que métodos de avaliación se aplicarán para obter as novas evidencias de competencia.

O/a avaliador/a comunicarlle a/o candidata/o os métodos máis adecuados para comprobar as súas competencias, tales como:

- Entrevista profesional.
- Probas profesionais de competencia.
- Simulación de situacións profesionais.
- Observación no posto de traballo.
- Outras probas de diferente natureza segundo o criterio do/a avaliador/a.

A comisión de avaliación, unha vez valorados os resultados do proceso de avaliación, informara a/o candidata/o sobre:

- As unidades de competencia que quedaron suficientemente demostradas.
- As unidades de competencia que non quedaron suficientemente demostradas.
- As oportunidades para completar a súa formación e obter a acreditación completa de títulos de formación profesional ou certificados de profesionalidade.

ACREDITACIÓN E REXISTRO

Unha vez superado o proceso de avaliación, a Administración competente expedira unha acreditación de cada unha das unidades de competencia nas que a/o candidata/o demostrou a súa competencia profesional.

A Administración competente transferirá os resultados a un rexistro oficial que garanta a protección de datos de carácter persoal e que se manterá e actualizará a medida que a/o candidata/o vaia acreditando novas competencias, xa sexa a través do recoñecemento da experiencia laboral ou mediante diferentes vías de formación e determinará o lugar no que a/o candidata/o poderá solicitar a acreditación correspondente ao recoñecemento da unidade de competencia na que se inscribiu.

EFFECTOS DA ACREDITACIÓN

A acreditación dunha ou máis unidades de competencia obtidas por este procedemento ten, por lei, efectos acumulábeis, o cal quere dicir que, a/o candidata/o, poderá conseguir, completando a súa formación, o correspondente título de formación profesional ou certificado de profesionalidade:

- **Certificado de profesionalidade.**

En caso de que a/o candidata/o consiga a acreditación oficial de todas as unidades de competencia contidas nun certificado de profesionalidade, poderá solicitar a expedición do correspondente certificado. A Administración laboral reconecerá as unidades de competencia acreditadas, que producirán efectos de exención dos módulos formativos segundo a normativa vixente.

- **Título de formación profesional.**

En caso de que a/o candidata/o consiga a acreditación oficial de todas as unidades de competencia contidas nun título de formación profesional e cumpra os requisitos de acceso, se quere obter este, terá que matricularse nun centro oficial para cursar aqueles módulos profesionais que non estean relacionados coas unidades de competencia que conforman o título. A Administración educativa reconecerá as unidades de competencia acreditadas, que producirán efectos de validación dos módulos profesionais segundo a normativa vixente.

VANTAXES DAS ACREDITACIÓNS

Participar neste procedemento ten varias vantaxes para as/os candidatas/os, as principais son:

- Pode favorecer que a/o candidata/o manteña e mellore o seu emprego.
- En caso de estar desempregada/o, pode aumentar as posibilidades de emprego da/o candidata/o.
- Facilitalle a formación ao longo da vida. A/o candidata/o pode progresar nos seus estudos profesionais, e mesmo realizar estudos técnicos superiores.
- Recoñécese a experiencia laboral e a formación da/o candidata/o adquirida por vías non formais.
- A/o candidata/o coñece mellor cales son as competencias profesionais que posúe con relación á súa cualificación e posto de traballo.
- A/o candidata/o pode obter unha titulación oficial relacionada coa súa profesión.

**REQUISITOS DE ACCESO AOS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE A
TRAVÉS DE NIVEIS FORMATIVOS**

Certificados de nivel 1

Certificados de nivel 2

Certificados de nivel 3

ACCESO AOS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE A TRAVÉS DE NIVEIS FORMATIVOS

Certificados de nivel 1

Para acceder a un certificado de nivel 1 non é preciso ningún requisito previo en canto ao nivel formativo que se refire.

Certificados de nivel 2

Os niveis formativos mínimos para acceder a un certificado Nivel 2, son os seguintes:

TÍTULOS/EQUIVALENCIAS:

- Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria (LOE)
- Graduado en Educación Secundaria (LOXSE)
- 2º BUP con máximo de dúas materias pendentes entre os dous cursos
- 2º Curso do primeiro ciclo experimental de Reforma das Ensinanzas Medias (REM)
- Técnico (Ciclo formativo grado medio)
- Técnico auxiliar (FP1)
- Técnico deportivo
- Técnico de artes plásticas e deseño
- Oficialía industrial
- Técnico militar
- 3 cursos comúns do Plan do 63 (Artes aplicadas e Oficios artísticos)
- 2 cursos comúns do plan experimental do ano 1984 (Artes aplicadas e Oficios artísticos).
- Ter superadas as probas correspondentes que organice a Administración, específicas para competencias clave de nivel 2.
- Ter un certificado de profesionalidade do mesmo nivel (2)
- Ter un certificado de profesionalidade de nivel 1 da mesma familia e área profesional.
- Ter superado as correspondentes probas de acceso regulamentadas para o acceso ao ciclo formativo de grado medio.
- Ter superado unha proba de acceso á universidade.

NIVEL MÍNIMO LINGUA GALEGA:

- Certificado Celga 2
- Título Graduado escolar, sempre que se estudase toda a EXB ou PRIMARIA en Galiza e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos.
- Certificado do curso de nivel medio de lingua e culturas galegas para estranxeiros, impartido polas Universidades de Galiza, ata a entrada en vigor da Orde do 16 de xullo do 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga).
- Certificado do nivel medio dos estudos de galego da UNED ata a entrada en vigor da Orde do 16 de xullo do 2007.
- Certificado de ter cursado e aprobado as materias de ciencias sociais e as materias optativas de galego da ESO nos centros do Bierzo e Sanabria acollidos ao programa de formación previsto no convenio para a promoción do idioma galego nos territorios limítrofes das comunidades autónomas de Galiza e Castela e León, suscrito entre ambas as dúas comunidades.

- Proba de acceso superada aos ciclos de grado medio, sempre e cando se realizase en Galiza e se incluíse de maneira oficial a materia de lingua galega nas ditas probas.

O GRADUADO ESCOLAR, É DECIR A EXB SUPERADA, NON É CONDICIÓ N SUFICIENTE PARA ACCEDER A UN CERTIFICADO NIVEL 2.

Certificados de nivel 3

Os niveis formativos mínimos para acceder a un certificado Nivel 3, son os seguintes:

TÍTULOS/EQUIVALENCIAS:

- Bacharel LOE
- Bacharel LOXSE
- COU
- PREU
- 2º curso do Bacharelato experimental de Reforma das Ensinanzas Medias (REM)
- Técnico superior (ciclo formativo de grao superior)
- Técnico especialista (FP2)
- Título de Perito Mercantil
- Bacharel Superior do Plan do 63
- Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño (segundo especialidade cursada)
- Técnico Deportivo Superior (segundo modalidade)
- Mestre Industrial
- Graduado en Cerámica e Artes Plásticas
- Ter superadas as probas correspondentes que organice a Administración, específicas para competencias clave de nivel 3.
- Ter un certificado de profesionalidade do mesmo nivel (3)
- Ter un certificado de profesionalidade de nivel 2 da mesma familia e área profesional.
- Ter superado as correspondentes probas de acceso regulamentadas para o acceso ao ciclo formativo de grado medio.
- Ter superado unha proba de acceso á universidade.

NIVEL MÍNIMO LINGUA GALEGA

- Certificado Celga 3
- Certificado de aptitude dos cursos de iniciación de lingua galega (segundo Orde do 1 de abril do 2005).
- Título de ESO ou técnico auxiliar FP1 sempre que se estudase en Galiza na súa totalidade e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos.
- O certificado do ciclo inicial de galego expedido polas escolas oficiais de idiomas.
- Certificado de ter cursado e aprobado as materias de ciencias sociais e as materias optativas de galego da ESO e no Bacharelato, nos centros do Bierzo e Sanabria acollidos ao programa de formación previsto no convenio para a promoción do idioma galego nos territorios limítrofes das comunidades autónomas de Galiza e Castela e León, suscrito entre ambas as dúas comunidades.
- Proba de acceso superada aos ciclos de grado superior, sempre e cando se realizase en Galiza e se incluíse de maneira oficial a materia de lingua galega en ditas probas.

**ACCESO AOS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE DENDE UN
CERTIFICADO DE NIVEL INMEDIATAMENTE INFERIOR SEGUNDO
FAMILIAS E ÁREAS PROFESIONAIS**

Presentación do esquema de acceso á familia profesional:

- Servizos Socioculturais e a Comunidade (SSC)

Relacionadas coa cualificación profesional incluída no ciclo:

- CS EDUCACIÓN INFANTIL

ACCESO AOS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE DENDE UN CERTIFICADO DE NIVEL INMEDIATAMENTE INFERIOR SEGUNDO FAMILIAS E ÁREAS PROFESIONAIS

Familia profesional relacionada coa cualificación profesional incluída no ciclo:

CS SERVICIOS SOCIOCULTURAIS E Á COMUNIDADE

Familia profesional	Área profesional	Acceso á nivel 2 da mesma familia e área dende*	Acceso á nivel 3 da mesma familia e área dende*
SERVICIOS SOCIOCULTURAIS E Á COMUNIDADE (SSC)	SERVIZOS AO CONSUMIDOR (SSCI)	Nivel 1 SSCI	Nivel 2 SSCI
	ACTIVIDADES CULTURAIS E RECREATIVAS (SSCB)	Nivel 1 SSCB	Nivel 2 SSCB
	FORMACIÓN E EDUCACIÓN (SSCE)	Nivel 1 SSCE	Nivel 2 SSCE

*As dúas columnas da dereita fan referencia aos certificados de profesionalidade agrupados por nivel de cualificación (Nivel 1 e Nivel 2) e por familia e área profesional reflectidas nas catro letras de codificación.

ACCESO AOS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE A TRAVÉS DA SUPERACIÓN DAS PROBAS DE COMPETENCIAS CLAVES

Acceso aos certificados de profesionalidade da familia profesional:

- Servizos Socioculturais e a Comunidade (SSC)

Relacionados coas cualificacións profesionais incluídas no ciclo:

- CS EDUCACIÓN INFANTIL

ACCESO AOS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE A TRAVÉS DA SUPERACIÓN DAS PROBAS DE COMPETENCIAS CLAVE

A outra vía de acceso aos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 é que a/o aspirante supere as probas das competencias clave que organiza a administración. Para acceder a un certificado de nivel 1 de cualificación non é necesario superar proba algunha.

Na recente modificación publicada do Real Decreto 34/2008, de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade substitúese o concepto de competencias clave por "requisitos formativos ou profesionais".

Os requisitos formativos das familias profesionais relacionadas coas cualificacións profesionais incluídas no ciclo CS EDUCACIÓN INFANTIL son os seguintes:

Familia Profesional		Area Profesional	Competencias Clave
Servizos socioculturais e a comunidade	Nivel 2	SSCB Actividades culturais e recreativas	Lingua castelá, lingua galega e matemáticas
		SSCE Formación e educación	
		SSCG Atención social	
		SSCI Servizos ao consumidor	
	Nivel 3	SSCB Actividades culturais e recreativas	Lingua castelá, lingua galega e matemáticas
		SSCE Formación e educación	
		SSCG Atención social	
		SSCI Servizos ao consumidor	

CICLO SUPERIOR EDUCACIÓN INFANTIL

1. Cualificacións profesionais completas incluídas no título
2. Módulos profesionais do ciclo formativo
3. Correspondencia das unidades de competencia cos módulos profesionais
4. Certificado de profesionalidade relacionado coas cualificacións profesionais do ciclo.
5. Resumo da correlación das unidades de competencia
6. Itinerario para a consecución do título

CS EDUCACIÓN INFANTIL	
Cualificacións completas	Unidades de competencia
Educación infantil, SSC322_3 (Real decreto 1368/2007, do 19 de outubro).	UC1027_3: Establecer e manter relacións fluídas coa comunidade educativa e coordinarse coas familias, co equipo educativo e con outros profesionais.
	UC1028_3: Programar, organizar, realizar e avaliar procesos de intervención educativa de centro e de grupo de cativos e cativas.
	UC1029_3: Desenvolver programas de adquisición e adestramento en hábitos de autonomía e saúde, e programas de intervencións en situacións de risco.
	UC1030_3: Promover e pór en práctica situacións de xogo como eixe da actividade e do desenvolvemento infantil.
	UC1031_3: Desenvolver os recursos expresivos e comunicativos do neno e da nena como medio de crecemento persoal e social.
	UC1032_3: Desenvolver accións para favorecer a exploración do contorno a través do contacto cos obxectos, e as relacións do cativo e da cativa cos seus iguais e coas persoas adultas.
	UC1033_3: Definir, secuenciar e avaliar aprendizaxes, interpretadas no contexto do desenvolvemento infantil de cero a seis anos.

CS EDUCACIÓN INFANTIL

CONSELLERIA DE EDUCACIÓN

Denominación:	Educación infantil.
Nivel:	Formación profesional de grao superior.
Duración:	2.000 horas.
Familia profesional:	Servizos socioculturais e á comunidade.
Referente europeo:	CINE-5b (Clasificación Internacional Normalizada da Educación).

Cualificacións incluídas no título de CS EDUCACIÓN INFANTIL:

Cualificacións profesionais completas incluídas no título:

a) Educación infantil SSC322_3 (Real decreto 1368/2007, do 19 de outubro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:

- UC1027_3: establecer e manter relacións fluídas coa comunidade educativa e coordinarse coas familias, co equipo educativo e con outros profesionais.
- UC1028_3: programar, organizar, realizar e avaliar procesos de intervención educativa de centro e de grupo de cativos e cativas.
- UC1029_3: desenvolver programas de adquisición e adestramento en hábitos de autonomía e saúde, e programas de intervención en situacións de risco.
- UC1030_3: promover e pór en práctica situacións de xogo como eixe da actividade e do desenvolvemento infantil.
- UC1031_3: desenvolver os recursos expresivos e comunicativos do neno e da nena como medio de crecemento persoal e social.
- UC1032_3: desenvolver accións para favorecer a exploración do contorno a través do contacto cos obxectos, e as relacións do cativo e da cativa cos seus iguais e coas persoas adultas.
- UC1033_3: definir, secuenciar e avaliar aprendizaxes, interpretadas no contexto do desenvolvemento infantil de cero a seis anos.

Módulos profesionais do ciclo formativo do CS EDUCACIÓN INFANTIL:

Os módulos profesionais deste ciclo formativo, son os que se relacionan deseguido:

- MP0011. Didáctica da educación infantil.
- MP0012. Autonomía persoal e saúde infantil.
- MP0013. O xogo infantil e a súa metodoloxía.
- MP0014. Expresión e comunicación.
- MP0015. Desenvolvemento cognitivo e motor.
- MP0016. Desenvolvemento socioafectivo.
- MP0017. Habilidades sociais.
- MP0018. Intervención con familias e atención a menores en risco social.
- MP0019. Proxecto de atención á infancia.

- MP0020. Primeiros auxilios.
- MP0021. Formación e orientación laboral.
- MP0022. Empresa e iniciativa emprendedora.
- MP0023. Formación en centros de traballo.
- MP0044. Empresa e iniciativa emprendedora.
- MP0244. Formación en centros de traballo.

Correspondencia das unidades de competencia cos módulos profesionais

CS EDUCACIÓN INFANTIL	
Unidades de competencia	Módulos profesionais
UC1027_3: Establecer e manter relacións fluídas coa comunidade educativa e coordinarse coas familias, co equipo educativo e con outros profesionais.	MP0017. Habilidades sociais.
UC1028_3: Programar, organizar, realizar e avaliar procesos de intervención educativa de centro e de grupo de nenos e nenas.	MP0011. Didáctica da educación infantil.
UC1029_3: Desenvolver programas de adquisición e adestramento en hábitos de autonomía e saúde, e programas de intervención en situacións de risco.	MP0012. Autonomía persoal e saúde infantil.
UC1030_3: Promover e pór en práctica situacións de xogo como eixe da actividade e do desenvolvemento infantil.	MP0013. O xogo infantil e a súa metodoloxía.
UC1031_3: Desenvolver os recursos expresivos e comunicativos do neno e da nena como medio de crecemento persoal e social.	MP0014. Expresión e comunicación.
UC1032_3: Desenvolver accións para favorecer a exploración do contorno a través do contacto cos obxectos, e as relacións do cativo e da cativa cos seus iguais e coas persoas adultas.	MP0016. Desenvolvemento socioafectivo. MP0018. Intervención con familias e atención a menores en risco social.
UC1033_3: Definir, secuenciar e avaliar aprendizaxes, interpretadas no contexto do desenvolvemento infantil de cero a seis anos.	MP0015. Desenvolvemento cognitivo e motor.

RESUMO DA CORRELACIÓN DAS UNIDADES DE COMPETENCIA

No título de **CS EDUCACIÓN INFANTIL** está incluída a seguinte cualificación completa:

a) Educación infantil SSC322_3 (Real decreto 1368/2007, do 19 de outubro).

Aínda non se atopa publicado o certificado de profesionalidade que recolle as súas unidades de competencia.

Ver o cadro resumo que se presenta a continuación

Cadro resumo da correlación entre as unidades de competencia			
CS EDUCACIÓN INFANTIL		FORMACIÓN PARA O EMPREGO	
Familia profesional	<i>Servizos socioculturais e á comunidade</i>	<i>Servizos socioculturais e á comunidade</i>	Familia profesional
Cualificación profesional	SSC322_3. Educación infantil.	Non publicado	Certificado de profesionalidade
Unidades de competencia	UC1027_3: Establecer e manter relacións fluídas coa comunidade educativa e coordinarse coas familias, co equipo educativo e con outros profesionais.		
	UC1028_3: Programar, organizar, realizar e avaliar procesos de intervención educativa de centro e de grupo de cativos e cativas.		
	UC1029_3: Desenvolver programas de adquisición e adestramento en hábitos de autonomía e saúde, e programas de intervención en situacións de risco.		
	UC1030_3: Promover e pór en práctica situacións de xogo como eixe da actividade e do desenvolvemento infantil.		
	UC1031_3: Desenvolver os recursos expresivos e comunicativos do neno e da nena como medio de crecemento persoal e social.		
	UC1032_3: Desenvolver accións para favorecer a exploración do contorno a través do contacto cos obxectos, e as relacións do cativo e da cativa cos seus iguais e coas persoas adultas.		
	UC1033_3: Definir, secuenciar e avaliar aprendizaxes, interpretadas no contexto do desenvolvemento infantil de cero a seis anos.		

ITINERARIO PARA A CONSECUCIÓN DO TÍTULO

CS EDUCACIÓN INFANTIL		
Cualificación profesional		Certificado de profesionalidade
SSC322_3	UC1027_3	Non publicado
	UC1028_3	
	UC1029_3	
	UC1030_3	
	UC1031_3	
	UC1032_3	
	UC1033_3	

No caso de que a/o candidata/o consiga a acreditación oficial de todas as unidades de competencia contidas nun certificado de profesionalidade, poderá solicitar a expedición do correspondente certificado. A Administración laboral reconecerá as unidades de competencia acreditadas, que producirán efectos de exención dos módulos formativos segundo a normativa vixente.

No caso de que a/o candidata/o consiga a acreditación oficial de todas as unidades de competencia contidas nun título de formación profesional e cumpra os requisitos de acceso, se quere obter este, terá que matricularse nun centro oficial para cursar aqueles módulos profesionais que non estean relacionados coas unidades de competencia que conforman o título. A Administración educativa reconecerá as unidades de competencia acreditadas, que producirán efectos de validación dos módulos profesionais segundo a normativa vixente.

GLOSARIO

GLOSARIO

Acreditación da competencia profesional

Proceso polo cal se lle outorga un recoñecemento de competencias á persoa candidata mediante unha acreditación oficial.

Acreditación parcial acumulábel

Acreditación oficial mínima correspondente a unha unidade de competencia, expedida polas administracións educativas e/ou laborais, que obteñen as persoas candidatas que superan o proceso de recoñecemento e acreditación.

Aprendizaxe

Cambios que se producen nas competencias profesionais que posúen as persoas, como consecuencia de participaren nos procesos de formación ou a través da súa experiencia laboral.

Asesor/a

Profesional que intervén na fase de asesoramento e que en todo momento lle axuda á persoa candidata a incrementar as posibilidades de superar con éxito a fase de avaliación.

Candidata/o

Persoa que solicita ser avaliada no procedemento da súa competencia profesional, e posúe os requisitos para participar neste.

Certificado de profesionalidade

Acreditación oficial, outorgada pola Administración laboral competente, que acredita a capacitación para o desenvolvemento dunha actividade laboral con significación para o emprego.

Comisión de avaliación

Órgano formado por un conxunto de avaliadores que decide colexiadamente acerca das competencias profesionais demostradas pola persoa candidata.

Competencia profesional

Conxunto de coñecementos e capacidades que permiten o exercicio da actividade profesional conforme as exixencias da produción e o emprego.

Cualificación profesional

Conxunto de competencias profesionais con significación para o emprego, organizadas en unidades de competencia, que poden ser adquiridas mediante formación, así como a través da experiencia laboral, e que conforman o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. A unidade de competencia de maior nivel determina o nivel da cualificación profesional.

Cuestionario de autoavaliación

Documento que lle servirá á persoa candidata para analizar as competencias profesionais que posúe, de acordo coas indicacións do/a asesor/a.

Dossier de Competencias

Conxunto de documentos, formularios e outras probas que se organizan nun cartafol na que se órdea e clasifica a información profesional e as probas achegadas pola persoa candidata.

Entrevista profesional

Método de recollida de información de evidencias de competencia directas e indirectas consistente nunha conversa de carácter profesional entre o/a candidato/a e asesores/as ou avaliadores/as.

Avaliador/a

Profesional que intervén no seo dunha Comisión de Avaliación e verifica se a persoa candidata demostra as competencias profesionais contidas nas Unidades de Competencia das que solicita a súa acreditación.

Evidencia de competencia profesional

Información obtida da persoa candidata que, contrastada coa Unidade de Competencia, mostra que esta posúe, total ou parcialmente, as competencias profesionais requiridas. Estas evidencias poden ser directas ou indirectas.

Evidencia de competencia profesional directa

Información obtida pola persoa candidata durante a realización das actividades de avaliación requiridas mediante distintos métodos.

Evidencia de competencia profesional indirecta

Información obtida da persoa candidata produto de logros anteriores, derivados das aprendizaxes realizadas ao longo da súa traxectoria profesional e formativa.

Experiencia laboral

Práctica prolongada que proporciona coñecementos e habilidades relacionados coa Unidade de Competencia e que ao longo do Procedemento é obxecto de contraste e avaliación.

Fase de asesoramento

Primeira fase do Procedemento na que o/a asesor/a, prepara, acompaña e tutela a persoa candidata para o seu acceso á avaliación.

Historial Profesional e Formativo

Documento no que se resume a traxectoria laboral e formativa da persoa candidata. O seu contido debe estar suficientemente xustificado e ter relación coas referencias de competencia que dispoñen os/as profesionais que lle axudan no Procedemento.

Informe de asesoramento

Documento que elabora o/a asesor/a acerca das competencias que, segundo o seu criterio, a persoa candidata ten suficientemente xustificadas e, a partir das cales, o aconsella sobre a conveniencia de pasar ou non á fase de avaliación.

Informe de avaliación

Documento que elabora a comisión de avaliación no que se fan constar as competencias profesionais que posúe a persoa candidata e que serán acreditadas oficialmente, así como as oportunidades para completar a súa formación respecto das competencias profesionais non acreditadas.

Itinerario formativo

Formación que se lle recomenda realizar á persoa candidata para mellorar o seu perfil profesional como parte do procedemento.

Nivel da unidade de competencia.

Diferentes graos nos que se clasifican as unidades de competencia en función de distintos criterios de complexidade no desempeño profesional. No ámbito da formación profesional, os niveis son 1, 2 e 3.

Observación no posto de traballo

Método de avaliación consistente na observación da persoa candidata no seu lugar de traballo, onde se rexistra o seu desempeño nun escenario real.

Perfil profesional

Conxunto de competencias para o desempeño de varios postos de traballo que presentan afinidade e que configuran unha ocupación.

Probas profesionais de competencia

Método de avaliación consistente en probas teórico - prácticas deseñadas para avaliar as tres dimensións da competencia profesional: saber, saber facer e saber estar.

Simulación de situacións profesionais

Método de avaliación consistente nun exercicio profesional no que se deseñan e reconstrúen as variábeis principais cuxo dominio por parte dun/dunha candidato/a se pretende verificar.

Título de formación profesional

Conxunto de ensinanzas post-obrigatorias do sistema educativo que capacitan para o desempeño cualificado dunha profesión, que permiten acreditar as cualificacións e se clasifican en técnico e técnico superior.

Unidade de competencia

Agregado mínimo de competencias profesionais, susceptible de recoñecemento e acreditación parcial, que unidas a outras conforman unha cualificación profesional.